

En defensa do sector pesqueiro galego

NON se pode entender o pasado e o presente de Galiza sen un sector económico fundamental para nós como o pesqueiro, que foi e é motor do desenvolvemento do noso país. Estamos asistindo nos últimos anos a unha reconversión calada que pouco a pouco nos vai deixando sen caladoiros e sen barcos. Un día Boston, outro Namíbia, Nafo, etc., e así van-se perdendo postos de traballo, pechando-se empresas, relacionadas tanto directa como indirectamente coa actividade pesqueira.

Hoxe temos en xogo a frota que faena no Banco Canário-Sahariano con todo o que representa para comarcas enteiras do noso país, en definitiva para Galiza. E, unha vez máis, asistimos a unha pasividade cómplice por parte da administración autonómica, central e europea que fai deixadez das súas responsabilidades e emprega a pesca galega como moeda de cambio.

O único que nos dan son falsas esperanzas con propostas xa gastadas de reconversións, sistemas fracasados de empresas mixtas, e maravillosos plans alternativos de desenvolvemento económico. Queren dicir que o sector pesqueiro non ten futuro, que o acordo con Marrocos non é posíbel, que non é rendíbel; sen embargo son organismos como o Consello Económico e Social ou o parlamento Europeo os que din que os acordos pesqueiros son beneficiosos para nós e que xeneran uns ingresos superiores ás inversións da UE neles.

Galiza sen a pesca ten un futuro negro e polo tanto necesita defender un sector vital para a súa subsistencia. Isto é o que fai que hoxe todo o sector, mariñeiros e armadores, que toda a sociedade galega esté unida na defensa do sector pesqueiro galego e se propoñan as seguintes alternativas:

- Comezo inmediato da negociación entre a UE e Marrocos, pois xa levamos máis de cinco meses desde o remate do anterior, coa participación do sector pesqueiro galego.
- O acordo pesqueiro ten que formar parte do acordo global de relacións de todo tipo que a UE mantén con Marrocos.
- É prioritario manter o número actual de buques e traballadores, mantendo sempre a titularidade das empresas e a bandeira do estado español. Consideramos inviábel e perxudicial unha saída consistente na constitución de empresas mixtas.
- O acordo pesqueiro ten que ter as garantías xurídicas que permitan desenvolver a actividade pesqueira con estabilidade, sen alteracións arbitrarias do seu contido e da súa interpretación.
- Até a sinatura do mesmo tanto as empresas como todos os tripulantes da frota percibirán as axudas que garanten os ingresos e dereitos adquiridos.

Por todo isto as organizacións que formamos a Mesa en Defensa do Sector Pesqueiro Galego facemos un chamamento á participación na Manifestación en apoio destas reivindicacións que vai ter lugar en Vigo o próximo 11 de maio, ás 20 horas, con saída da Vía Norte.